

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	---------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	☐ Home ☐ Muller		
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



202142←←NUM→→

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-A-II-21

Proba A1

Vostede, integrante dunha plataforma de defensa das nosas costas, adoita colaborar nunha revista ecoloxista, e pedíronlle un artigo para o vindeiro número. Logo de ver o seguinte vídeo, decide tratar o tema da saúde dos océanos. Neste **artigo de opinión**, de **400 palabras**, debe:

- Comentar que son as áreas mariñas protexidas e indicar cales son os perigos que as ameazan.
- Explicar como conxugar a obtención de beneficios para a economía local coa protección destes espazos.
- Mencionar algunha catástrofe ambiental e achegar propostas que contribúan a preservar as costas.
- Valorar as consecuencias que adoitan ter as verteduras nos mares.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede, molesto/a pola situación en que se atopa a zona vella da súa cidade, e logo de ler nun blog a seguinte entrada sobre o proceso de xentrificación, decide enviarlle unha carta ao director dun xornal local. Nesa **carta**, de **400 palabras**, debe:

- Explicar en que consiste o proceso de xentrificación e como se evidencia na cidade de Vigo.
- Indicar as consecuencias positivas e negativas deste fenómeno.
- Valorar as medidas que se adoitan tomar para rehabilitar estas zonas.
- Ofrecer outras alternativas que permitan fixar a poboación local na zona vella da súa cidade.

	Abandono Pouco ou nulo investimento público e degradación dos servizos básicos	Estigmatización Difusión dun imaxinario que rexeita a pobreza e a asocia coa criminalidade	Especulación Compra das propiedades por grandes inmobiliarias ou administracións
	Encarecemento Aumento do custo de vida, do valor do predio e dos impostos	Expulsión Expulsión dos habitantes orixinarios por convenio ou pola forza	Comercialización O lugar ponse de moda e consolídase para o turismo e o comercio

Por que falar de xentrificación na zona vella de Vigo?

A xentrificación, malia ser un fenómeno global froito das políticas neoliberais aplicadas na ordenación das cidades, débese abordar localmente en función das características socioeconómicas e culturais de cada barrio ou cidade. Por iso, parécenos importante tratar e estruturar aqueles puntos máis representativos para xustificar este proceso na cidade de Vigo, unha cidade industrial cun tamaño relativamente pequeno onde o aumento do sector de servizos está acontecendo máis amodo ca noutras cidades, pero non por iso menos excluínte para as clases máis desfavorecidas.

En 2005, fundouse o Consorcio Casco Vello co obxectivo de rehabilitar e dinamizar toda a zona vella de Vigo. Desde a súa posta en marcha estase a producir en todo o

barrio e na súa contorna máis inmediata, procesos de especulación coa conseguinte exclusión e diferenciación social.

Neste proceso, tense en conta unicamente a rehabilitación e a dinamización do barrio en termos económicos e estéticos (novas fachadas, edificios, comercio, museos etc.), e apóstase só por unha economía baseada no turismo, no ocio ou no consumo dirixido, sen atender as necesidades sociais propias da área.

O abandono institucional e económico do centro da cidade tivo lugar nun contexto de expansión industrial como o que viviu Vigo desde os anos 60. Neste período de desenvolvemento industrial, o barrio vello non supuña un interese económico para os axentes inmobiliarios e investidores privados, que estaban máis centrados na construción de grandes bloques para acoller as persoas migrantes que comezaban a traballar nas fábricas da periferia ou no porto da cidade.

- Rehabilitación e especulación: o Consorcio presenta unha gran compoñente especulativa polo feito de que o seu xeito de actuar se centra na compra de soares e terreos abandonados co fin de vendelos posteriormente e, así, obter unha plusvalía que será destinada a mercar novos terreos para repetir o mesmo proceso.

- Participación institucional no proceso de especulación: a Administración pública (a través do Consorcio) participa como primeiro axente actuante na posta en valor do barrio e facilita a entrada de novos investidores, axentes inmobiliarios e propietarios que comezan a interesarse pola zona co obxectivo de investir nela.

Como dato significativo, tres anos despois da creación do Consorcio, os alugueiros e o valor do prezo das vivendas no conxunto da zona vella aumentaron un 150 % así que entendemos que cada día o barrio presenta un maior encarecemento e, por tanto, maior fenda social en relación coa poboación orixinal.

A alternativa a estas supostas vivendas de carácter social podería ser un parque de vivendas en réxime de alugamento para aqueles sectores de poboacións cun alto risco de exclusión social en termos económicos.

- Nova posta en valor do barrio: neste sentido podemos diferenciar dúas formas de actuación por parte do Consorcio que son determinantes para a nova posta en valor do barrio, como é o caso do acceso ás vivendas sociais e aos locais rehabilitados polo referido organismo público.

Ademais, para acceder a unha vivenda social rehabilitada polo Consorcio hai que cumprir unhas certas condicións de idade, de solvencia económica etc. Estes requisitos provocan unha selección encuberta, ao condicionar que sectores de poboación poden acceder ao barrio (aqueles con certa estabilidade económica) e cales non.

Con isto non se quere dicir que a nova veciñanza non sexa clase traballadora, non obstante, estas persoas presentan un perfil determinado que é seleccionado polo Consorcio en función da súa idade (maioritariamente, entre 25 e 35 anos) e da súa capacidade económica; así, ao encadrarse nese pretendido perfil, permítelles optar a estas vivendas “sociais”. Deste xeito, exclúese unha gran parte de poboación que abrangue

as persoas sen recursos, persoas adultas en paro ou a mocidade que sofre a precariedade laboral.

Tamén é significativo que das 64 vivendas rehabilitadas, soamente 12 sexan de alugueiro. Ademais, non son anecdóticos os casos de desafiuzamento por débeda, executados por empresas públicas de vivendas.

Así mesmo, a estratexia de asignación dos novos locais rehabilitados actúa de filtro para lograr o tipo de barrio que se pretende proxectar comercialmente. Deste xeito, apóstase por unha política de dinamización baseada no ocio e no consumo dirixido, con tendas moi especializadas ou cun toque “chic”.

Outra das estratexias de dinamización consiste na edificación de museos, centros de interpretación e inmobles públicos co obxectivo de aumentar o tránsito polo barrio e, dese modo, favorecer o consumo, a súa posta en valor e a creación dun novo tecido social.

Outro aspecto criticable deste proceso de rehabilitación é a cantidade de orzamentos que se está a investir nesta nova posta en valor do barrio deixando de lado as políticas, as axudas de emerxencia ou os programas de integración social.

- Lavado de imaxe do barrio e expulsión de certos colectivos sociais: entendemos que existe un proceso de xentrificación debido á expulsión e exclusión de certos colectivos sociais do barrio co obxectivo de lavar a imaxe deste e facer máis atractiva a entrada de capital para dinamizar a zona en termos económicos e turísticos. Deste xeito, estase levando a cabo a compra de todos os prostíbulos da zona da Ferrería para botar de alí as prostitutas, sen atender as súas necesidades básicas ou sen lles ofrecer unha alternativa. Outro dos colectivos expulsados foi o dos xitanos a través da compra directa dos edificios onde vivían.

- Aumento do control e vixilancia policial a certos sectores de poboación: o aumento da presenza policial é notable na zona e máis visible nos días que arriban transatlánticos á cidade e centos de turistas percorren as rúas do barrio. Deste modo, co aumento do control policial e mediante novas nos xornais que criminalizan diariamente a certos colectivos da cidade, conséguese crear un ambiente de inseguridade ficticia co fin de que sirva de pretexto e así poder xustificar plans de rehabilitación e, por conseguinte, as expulsións desta cidadanía do barrio e propicia a creación dunha opinión pública favorable a todo este proceso de rehabilitación.

Fonte: xentrificacionvigo.blogspot.com

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

